

## INTRODUCCIÓN

Temos a satisfacción de presentarlle ao lector a monografía *Abrindo rutas, expandindo camiños. Novas perspectivas nos estudos lingüísticos e literarios galegos*, que inclúe artigos de investigadoras e investigadores de España (Santiago de Compostela, A Coruña, Vigo, Madrid), do Brasil, do Reino Unido, do Xapón e dos Estados Unidos de América. Son, en conxunto, vinte artigos que dalgunha forma dan a seguranza de que os Estudos Galegos teñen un futuro garantido e prometedor. Os traballos que compoñen o libro tentan traerlle ao lector unha reflexión sobre as áreas da lingüística, a literatura, a cultura, a historia e os estudos de tradución que, ao mesmo tempo, apuntan a complexidade dos temas abordados.

O volume está dividido en dúas seccións. Os artigos que compoñen a primeira parte, intitulada *Novas perspectivas nos estudos lingüísticos*, están organizados de xeito que engloben as áreas da sociolingüística e a lexicografía. Os traballos reunidos na segunda sección, intitulada *Novas perspectivas nos estudos literarios*, abranguen temas de literatura, cultura, tradución e historia. O conxunto de artigos inclúe vinte traballos científicos, resultantes das investigacións académicas de vinte e catro autoras e autores de universidades e institucións españolas, europeas, americanas e asiáticas.

De tal maneira, o primeiro capítulo dedicado á lingüística abre coa serie de tres artigos que presentan o ambicioso e esperado proxecto de creación do *Diccionario Histórico e Etimolóxico da Lingua Galega*. Podemos consultar unha presentación dos corpus textuais utilizados e das dificultades metodolóxicas que ofrecen, redactada por Manuel González González, unha exposición minuciosa da conceptualización do nivel microestrutural do *Diccionario*, da man de María Dolores Sánchez Palomino, e unha mostra práctica da aplicación dos criterios ontolóxicos e epistemolóxicos co exemplo da voz *testemuño*, da autoría de Xosé María Gómez Clemente. Sobre a salvagarda do patrimonio lingüístico escribe tamén Vicente Feijoo Ares, quen

presenta o pasado dos traballos e as novas ferramentas que teñen como obxectivo describir a microtoponimia galega.

Contamos tamén con dous artigos que se inscriben no eido da sociolingüística. Máis concretamente, preséntanse dous artigos dedicados á migración e á política lingüística. No traballo de Takeshi Kakihara analízase o mantemento da lingua e cultura polos inmigrantes galegos en Suíza e a súa integración na sociedade de acollida. Por outra banda, Carme Silva-Domínguez e Nicola Bermingham investigan as políticas e ideoloxías dirixidas aos retornados a Galicia. O seu traballo pon o foco sobre o discurso dos participantes no programa *Bolsas de Excelencia Mocidade Exterior*.

Na presente sección aparecen tamén dúas obras que se preguntan pola problemática máis recente ou que aplican metodoloxías innovadoras. Eva María Domínguez Noya e María Sol López Martínez analizan a linguaxe non binaria directa baixo o prisma do corpus CORGA. Finalmente, no seu artigo de cariz teórico, Cecília Farias de Souza entra no eido da ecoloxía lingüística e a teoría da complexidade, que presenta como plausibles para o estudo do contacto lingüístico en Galicia.

Na segunda parte do volume explórase a complexidade e diversidade da cultura e identidade galegas a través de varias lentes académicas. A investigación abrangue desde a análise dos fenómenos sociais ata o estudo da literatura e a súa interacción coas dinámicas sociais, históricas, políticas e tradutolóxicas. A sección comeza co traballo de Mario Regueira. O autor dirixe a atención á incorporación da ficción científica na literatura infantil e xuvenil galega, destacando o seu desenvolvemento dende a década de 1980. Analízase como este xénero literario se vincula co ensino e coas institucións educativas, enfocándose nas obras que desde mediados dos oitenta ata 1992 foron clave neste contexto cultural.

Ánxela Lema París e Carme Fernández Pérez-Sanjulián dedican a súa análise ao papel das mulleres no mundo editorial galego, resaltando os desafíos e logros das editoras e contribuíntes femininas ao longo da historia recente. Sobre o papel das mulleres escribe tamén Inma Doval-Porto. No seu artigo enfócase nas autoras e as súas actividades visuais e plásticas, destacando a importancia dunha narrativa visual enriquecedora que se estende máis aló da palabra escrita, reflectindo así a polivalencia creativa das mulleres galegas na literatura e nas artes.

Contamos tamén co artigo de María Jesús Piñeiro Domínguez, que explora os estudos sobre a experiencia do retorno dos emigrantes na posguerra española, analizando a narrativa galega para entender como se reconstrúe a identidade a través destas historias de volta. Dosinda G. Alvite no seu traballo desmonta a imaxe estereotipada de Galicia, presentada no documental *Memorias rotas* como territorio aliñado co franquismo, documentando a exhumación de fusilados republicanos e resaltando o espírito antifalanzista na rexión. A través de entrevistas con

superviventes e testemuñas, o filme pon en valor a memoria histórica galega e a resistencia contra a opresión franquista.

Os artigos seguintes analizan a representación dos animais na literatura galega e a súa relación coa identidade cultural e ecolóxica de Galicia. María Xesús Nogueira Pereira describe a poesía que xorde en resposta ao desastre do Prestige, onde se reflicten as tensións entre o humano e o non humano e se denuncia a deshumanización a través da ecopoesía. En cambio, Ana Acuña Trabazo aborda a presenza animal dende unha perspectiva ecocrítica na obra de Concha Castroviejo.

No artigo de María Obdulia Luis Gamallo abórdase tamén o traballo das tradutoras galegas, frecuentemente marxinadas e silenciadas, e destácase a súa contribución á circulación de ideas e á construción de identidades fóra do propio país. Na perspectiva paralela Alba Rodríguez Saavedra analiza o traballo de Ruth Matilda Anderson en Galicia, onde resalta a súa contribución ao recoñecemento das mulleres galegas a través da súa obra etnográfica.

Jorge Carril Espido e Serxio Couso Núñez examinan o impacto do Camiño de Santiago na produción editorial en Portugal, revelando a relevancia cultural e espiritual desta ruta de peregrinación tamén no contexto portugués. Sobre as culturas implicadas escribe tamén Antón Corbacho Quintela. No seu traballo describe a representación do turismo no exilio de Álvaro de Las Casas no Brasil, ofrecendo unha perspectiva crítica das dinámicas sociopolíticas e culturais implicadas. Finalmente, o artigo de Alexandre Peres Vigo compara estereotipos históricos dos galegos e polacos, iluminando como as percepcións e imaxes desvirtuadas se formaron baixo a influencia de narrativas xenófobas.

Confiamos que os textos contidos neste volume sexan recibidos como unha fonte de información na área dos estudos sobre Galicia. Permítasenos aproveitar a oportunidade para agradecer a boa vontade e disposición de todas as autoras e autores por aceptaren o noso convite e por participaren neste proxecto.

*Michał Belina*

*Bartosz Dondalewski*

*Aleksandra Jackiewicz*